

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 31 de maio de 2006 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a asociacións e entidades sen fins de lucro para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización da industria galega.

A política desenvolvida pola Consellería de Innovación e Industria no marco das competencias que lle atribúe o Decreto 552/2005, do 20 de outubro, polo que establece a súa estrutura orgánica, está dirixida a apoiar a promoción e internacionalización do tecido produtivo galego e a fomentar aquelas fórmulas asociativas, de cooperación ou de actuación conxunta que contribúan ao dimensionamento e capacidade das empresas e sectores galegos no mercado doméstico e internacional.

Neste senso, o obxectivo desta orde é estimular a competitividade e produtividade dos sectores produtivos galegos que lles permita facer fronte aos retos que se derivan dunha economía cada vez máis internacional e global, a través do apoio á realización de actuacións estratéxicas desenvolvidas por asociacións e entidades sen fins de lucro en materia de promoción, formación e divulgación que xeren, pola súa vez, complementariedades sectoriais capaces de potenciar o seu dinamismo e dar resposta ás demandas dos mercados.

Os incentivos previstos nesta orde pretenden, polo tanto, orientar e apoiar os esforzos que están a levar a cabo as asociacións e entidades galegas de carácter sectorial e sen fins de lucro para promover a presenza activa das empresas galegas fóra da nosa comunidade autónoma, multiplicando e rendibilizando os recursos e as iniciativas que incentiven a súa competitividade tanto individual como colectiva e impliquen, en definitiva, un maior protagonismo e peso económico de Galicia no eido mundial.

Neste escenario, é intención da consellería aglutinar os esforzos que tradicionalmente se viñan artellando desde as súas diferentes direccións xerais e propiciar unha liña de actuación que incida nas distintas facetas da promoción para o desenvolvemento dos sectores produtivos galegos.

En virtude do exposto e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria de concesión de axudas públicas no ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de actuacións e estratexias de carácter sectorial que favorezan a pro-

moción, formación e internacionalización das empresas galegas e revertan nunha mellora da súa competitividade, tanto individual como colectiva.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán acollerse a estas axudas as asociacións e entidades de carácter sectorial, representativas dos intereses industriais, legalmente constituídas e sen ánimo de lucro, cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, e que pretendan levar a cabo proxectos de interese e transcendencia no ámbito da promoción, divulgación, formación e proxección exterior.

2. Os beneficiarios deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión así como os demais que se prevexan nesta orde. Non poderán estar incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

1. Terán carácter subvencionable aqueles investimentos que teñan por obxecto o desenvolvemento dalgunha ou dalgunhas das seguintes actuacións obxecto desta orde:

A) Actuacións de difusión: publicidade a través de campañas ou insercións publicitarias en medios de comunicación e elaboración de material promocional como catálogos, repertorios de empresas, folletos e similares, en calquera soporte, que conteñan información sectorial e que contribúan á divulgación e coñecemento dos sectores produtivos galegos fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos os mercados internacionais.

Na publicidade e no material promocional cuxa difusión estea prevista nos mercados internacionais utilizarase, como mínimo, o idioma galego e un idioma estranxeiro; no caso de que a súa difusión estea prevista nas restantes comunidades autónomas do Estado empregárase, como mínimo, o idioma galego e o castelán. Só se admitirá aquel material promocional e a publicidade que incida na promoción sectorial das empresas asociadas na entidade solicitante.

Terán a consideración de gastos subvencionables os relativos ao deseño, maquetación, edición, impresión e inserción.

B) Actuacións de promoción:

B.I. Participación en feiras, certames e outros eventos expositivos sectoriais de carácter profesional que se celebren fóra do ámbito da comunidade galega, incluíndo o ámbito xeográfico internacional. Poderán ter a consideración de gastos subvencionables o alugamento de espazos e servizos, a montaxe e decoración de stands, o transporte do material de exposición e a elaboración de material de promoción específico para o evento así como aqueles outros necesarios para a axeitada realización do proxecto; e cando se trate de asistencia a feiras e eventos no estranxeiro, a contratación de intérpretes.

B.II. Organización de foros de negocio que se celebrarán en Galicia entre as empresas asociadas e distribuidores, importadores e axentes comerciais procedentes de países estranxeiros, así como aqueles profesionais que por razón da súa actividade poidan influír na comercialización dos produtos galegos nos mercados exteriores. Poderán ter a consideración de gastos subvencionables os gastos relativos á organización, desprazamento e aloxamento dos participantes convidados e gastos de intérpretes.

C) Actuacións de formación: organización de cursos, seminarios e xornadas que contribúan ao desenvolvemento da capacidade técnica e profesional das empresas asociadas e afonden e aborden aspectos fundamentais para a mellora da competitividade internacional dos sectores, empresas e produtos cara aos mercados exteriores. Terán especial valoración as accións formativas enfocadas á mellora dos coñecementos de linguas estranxeiras. Para a realización destas actuacións deberase contar, alomenos, coa participación de 10 empresas.

Poderán ter a consideración de gastos subvencionables os referidos a organización, honorarios dos profesores, material didáctico e promocional.

D) Actuacións en tecnoloxías da información: deseño e desenvolvemento de páxinas web das entidades solicitantes que incida nunha maior divulgación, promoción e coñecemento dos seus asociados no mercado global. Terán o carácter de subvencionables os gastos externos de asistencia referidos ao deseño e creación da páxina web e a contratación do dominio.

2. Non se apoiarán aqueles investimentos subvencionables que coincidan coas accións proxectadas no marco do plan de fomento das exportacións galegas que desenvolven conxuntamente a Consellería de Innovación e Industria e as cámaras de Comercio, Industria e Navegación galegas.

3. Na realización das actuacións deberase observar o disposto nos artigos 4º e 5º sobre gastos subvencionables e subcontratación.

4. Entenderanse coma actuacións subvencionables todas as accións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data límite de presentación da xustificación, establecida no artigo 15º desta orde.

Artigo 4º.-Gastos subvencionables.

1. Terán a consideración de subvencionables aqueles investimentos que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade presentada na solicitude e se realicen no prazo establecido por esta convocatoria de axudas.

2. Non terán carácter subvencionable os seguintes conceptos:

a) Gastos de persoal nin calquera outro derivado da actividade habitual do solicitante.

b) Custos de *mailings*, regalos promocionais e os relativos a celebracións de cócteles e actos análogos.

c) Os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario.

3. A comisión de avaliación poderá considerar como non subvencionables ou limitar a súa porcentaxe en relación co investimento subvencionable total do proxecto, á vista das solicitudes presentadas, naqueles conceptos que se consideren menos críticos para o normal desenvolvemento da actuación obxecto de axuda.

4. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de finalización do período de xustificación.

Artigo 5º.-Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

Artigo 6º.-Contía e ámbito.

1. Para a concesión das axudas, que terán a modalidade de subvención, destinaranse os créditos globais correspondentes ás aplicacións orzamentarias que se mencionan, coa seguinte distribución:

Aplicación	Ano 2006 (euros)
10.05-521-A-780.2	1.250.000
10.04-712-B-782.0	500.000

Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

2. A contía da subvención que se outorgue non poderá superar o 50% do investimento subvencionable aprobado pola Consellería de Innovación e Industria, nin o 75% no caso de que se lle acumulen axudas para igual fin.

3. Á vista das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde de axudas, a comisión de avaliación poderá propor límites máximos de investimento subvencionable para cada concepto elixible.

Artigo 7º.-Criterios de selección dos proxectos.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das subvencións, relacionados por orde decrecente de importancia, os seguintes:

1. Calidade e rigor na elaboración do proxecto, así como a súa viabilidade e o seu carácter innovador.

2. Presenza do sector na Comunidade Autónoma de Galicia e importancia da actuación para o desenvolvemento internacional e crecemento do sector.

3. Representatividade empresarial da asociación.

4. Que o número de empresas participantes no proxecto, así como o seu esforzo económico e o seu grao de participación nel sexan especialmente relevantes.

5. Adecuación do custo do proxecto á dimensión e alcance del.

Artigo 8º.-Presentación de solicitudes e documentación.

Os formularios normalizados de solicitude seguirán o modelo oficial que se publica como anexos a esta orde a título meramente informativo. Estes formularios deberán cubrirse e obterse necesariamente a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/conselle/in/>, oficina virtual, Internetexpres, procedemento IN512A.

Os formularios poderán cubrirse e obterse ata as 24 horas do día anterior ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os solicitantes deberán presentar por duplicado, incluíndo orixinal ou copia compulsada e unha copia, a seguinte documentación:

1. Formularios normalizados de solicitude compostos polos anexos I e II obtidos a través da aplicación informática sinalada no primeiro parágrafo deste artigo, debidamente asinados polo/s representante/s legal/is da entidade solicitante:

1.1. Anexo I. Solicitude.

1.2. Anexo II. Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, nacional ou internacional, así como de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Memoria explicativa de cada unha das actividades polas cales se solicita a subvención, que incluírá, alomenos, a súa descrición pormenorizada, interese, oportunidade e obxectivos, lugares e calendario de execución e, se é o caso, o número e características dos asociados participantes. Consignaranse tamén todos os aspectos inherentes ao proxecto e que sexan obxecto de valoración competitiva conxunta.

3. Orzamento desagregado e detallado por partidas de gastos previstos para a correcta execución do proxecto presentado, e/ou facturas pro forma da actividade ou adquisición a subvencionar, elaborada por quen vaia subministrar o ben ou prestar o servizo.

4. Acta, estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso; acreditacións da súa inscrición no rexistro correspondente, se o houber; así como código de identificación fiscal.

5. Documento acreditativo do poder suficiente da persoa física que actúe en nome e representación da entidade solicitante, acompañado do seu documento nacional de identidade. En caso de poder mancomunado deberán presentarse as fotocopias dos DNI/NIF, en vigor, destes representantes.

6. Certificación asinada polo secretario ou cargo a que lle corresponda da asociación ou entidade, relativa ao número de asociados que estean dados de

alta, dos cales achegará relación detallada en soporte informático, con inclusión, alomenos, do nome da empresa, titular, enderezo postal e telefónico, facturación e número de traballadores...etc.

7. Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

8. No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Innovación e Industria garante a confidencialidade dos datos recollidos na documentación contemplada para as solicitudes de axuda.

Artigo 9º.-Prazo e lugar de presentación de solicitudes e documentación.

O prazo para a presentación da solicitude e documentación sinalada no artigo anterior será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Para formalizar a solicitude, logo de obtención e enchemento dos formularios de acordo co artigo 8º desta orde, o interesado presentará a documentación sinalada no artigo anterior por duplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia), dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria no rexistro xeral dos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10º.-Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada for incompleta ou presentar erros emendables, requirirase o solicitante que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer, terase por desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e cos efectos previstos no artigo 42.1º da citada lei.

Artigo 11º.-Instrución e selección de solicitudes.

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información a instrución do procedemento de concesión de subvencións, quen desenvolverá de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar das asociacións e entidades solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

2. Con obxecto de cumprir o principio de concorrencia competitiva, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación que estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: o subdirector xeral de Comercio.

-Vogais: un xefe de servizo e un técnico da Dirección Xeral de Comercio e Consumo e un xefe de servizo e un técnico da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, todos eles con coñecementos na materia.

-Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Comercio e Consumo ou da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Os suplentes serán designados polas direccións xerais correspondentes.

Esta comisión tendo en conta os criterios de avaliación recollidos no artigo 7º emitirá o correspondente informe-proposta de resolución dos proxectos seleccionados en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

3. A Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, elevará a proposta de resolución ao conselleiro de Innovación e Industria que actúa como órgano concedente.

Artigo 12º.-Resolución.

1. Á vista da proposta de resolución, o conselleiro de Innovación e Industria ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe de axuda concedida e a contía desta. A dita resolución poderá establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto.

O prazo máximo para resolver e notificar aos interesados a resolución expresa será de seis meses a partir do día seguinte ao que finalice o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexítima o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

As resolucións de concesión serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. O beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo improrrogable de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os únicos efectos da optimización dos fondos dispoñibles. No caso contrario, e previo requirimento da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, entenderase que renuncia á sub-

vención concedida e procederá de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda ou subvención formalizarase mediante escrito asinado polo beneficiario no que este se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde de convocatoria de axudas e, se é o caso, na resolución de concesión desta, segundo modelo normalizado no anexo III (modelo dispoñible no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/conse- lle/in> no punto de impresos).

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos e privados poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, supere o 75% do custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario debendo cumprirse os seguinte requisitos:

a) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

b) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

c) Que a actividade ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

3. O beneficiario deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, antes do día 30 de setembro. De non facelo, implicará a perda da subvención afectada pola modificación e no caso que esta implique unha variación substancial do proxecto aprobado pola Consellería de Innovación e Industria, a perda total da subvención concedida.

4. A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Comercio e Consumo ou da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, segundo sexa o caso.

Artigo 14º.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento ou actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou desfrute da subvención.
- c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día das obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 15º.-Xustificación do investimento.

O beneficiario terá de prazo para proceder á xustificación do investimento ata o 3 de novembro de 2006, inclusive.

Para o libramento da subvención, o beneficiario deberá presentar nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención. Poderase tamén presentar a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Só se aceptarán aqueles xustificantes de gastos acreditativos da realización da actuación que estean expedidos con cargo á asociación ou entidade beneficiarias.

Esta documentación xustificativa, que se presentará por duplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia), constará dos seguintes documentos:

- a) Solicitude de libramento da subvención segundo o modelo do anexo IV (dispoñible no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/conselle/in> no punto de impresos).
- b) Memoria da que se constate a realización da actividade, en que deberán quedar descritos e identificados os bens adquiridos e os servizos prestados

así como os datos e incidencias habidos na súa execución e a evidencia da publicidade do cofinanciamento da Consellería de Innovación e Industria.

c) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente, en relación cos gastos subvencionables, emitidos dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. Xuntarase relación nominativa de facturas agrupadas por actuacións subvencionables, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento (especificándose, se é o caso, o tipo de cambio aplicado).

d) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.

e) Declaración complementaria de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento en calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado.

f) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento en que conste a razón social e o CIF da entidade subvencionada así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

g) Para aquelas actuacións de divulgación, tales como material promocional e publicidade, un exemplar destes.

h) Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

i) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

Os órganos competentes da Consellería de Innovación e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideran convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale poderá entenderse que renuncia á subvención.

A falta de presentación da xustificación implicará a anulación da subvención concedida.

Artigo 16º.-Pagamento das axudas.

A percepción da axuda terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación e

Industria verifiquen a documentación xustificativa, e, se é o caso, a materialización do cumprimento da realización do proxecto subvencionado e dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión. O libramento ao beneficiario farase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

O importe da subvención bruta concedida, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non poderá, en ningún caso, superar o custo total da actividade a realizar.

Artigo 17º.-Incompatibilidades.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outras das reguladas por esta consellería para a mesma finalidade.

Artigo 18º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda ou subvención concedida, e procederá o reintegro total o parcial da contía percibida, xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación, ou xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impidan.

c) Incumprimento da finalidade, actividade, proxecto ou no adopción do comportamento para o que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda ou subvención.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

3. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 19º.-Fiscalización e control.

1. A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e de control financeiro por parte da Inter-

vencción Xeral da comunidade autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

2. A Consellería de Innovación e Industria poderá realizar en calquera momento a inspección que considere oportuna sobre os investimentos realizados.

Artigo 20º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvenciones reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 21º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que estimen procedente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Segunda.-Facúltase a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DO SOLICITANTE

D/Dª _____ con DNI nº _____
 D/Dª _____ con DNI nº _____
 En representación da entidade

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) Que solicito e/ou ten concedidas as axudas que se relacionan seguidamente:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	TIPO
AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	TIPO
Consellería de Innovación e Industria	2006		

Así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

2) Que non se encontra incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións:

- a) Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptue pola súa normativa reguladora:
 - a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de inhabilitación para a obtención de subvencións ou axudas públicas.
 - b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, encontrándose declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - c) Ter sido lugar, por causa da que fosen declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
 - d) Estar incurso en persoas físicas, as administracións públicas, as sociedades mercantís ou sociedades que teñan a representación legal (xuntas xudiciais, ningún dos supostos da Lei 1/21/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratase de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
 - e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas pola disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
 - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
 - h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da capacidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.
- Non poderán acceder a condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do punto 3º do artigo 11 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos puntos 5º e 6º do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Tampoco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións ou entidades que se suspenden do procedemento administrativo de inscrición por atoparse incurso en condicións de ilexitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4º da Lei orgánica 1/2002, mentres non recata resolución xudicial firme en virtude da cal se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación e Industria, asína esta declaración no lugar e data abaixo indicado.
 _____ de _____ de 2006
 (Sinatura)

ANEXO III

D/Dª _____ con DNI nº _____
 actuando en nome e representación da entidade _____
 con domicilio en _____

MANIFESTA:

Que o día _____ recibiu a notificación de concesión de subvención (con nº de rexistro _____), acollida á orde do _____ de 2006 pola que se establecen as bases e se procede a convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a asociacións e entidades sen fins de lucro para a realización de actuacións e estratexas de promoción e internacionalización da industria galega, para o proxecto _____, con código de procedemento _____ por unha contía de axuda concedida de _____ €.

DECLARA:

A formal aceptación da subvención concedida e comprométese a cumprir todas as condicións establecidas na orde de convocatoria das axudas e na resolución de concesión desta.

(Lugar e data)

(Sinatura e selo da empresa)

ANEXO IV (Folla 1)

LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN

Don/Dona _____ con DNI nº _____
 en nome e representación da entidade _____, con CIF _____ beneficiario da subvención concedida ao abeiro da orde do _____ de 2006 para o proxecto:

Presenta para a xustificación dos investimentos subvencionados, a seguinte documentación:

- RESUMO DOS INVESTIMENTOS SEGUNDO O MODELO ANEXO A ESTA SOLICITUDE.
- MEMORIA DA ACTIVIDADE REALIZADA, DATADA E ASINADA (IDENTIFICANDO A SINATURA).
- PARA TODAS AS QUELAS ACTUACIÓNS INTANXIBILES, DEBERÁ PRESENTAR UN EXEMPLAR DO MATERIAL PROMOCIONAL OU PUBLICIDADE ELABORADA.
- FACTURAS CORRESPONDENTES AOS INVESTIMENTOS SUBVENCIÓNADOS.
- DOCUMENTOS DE PAGAMENTO GRAMPADOS COAS FACTURAS CORRESPONDENTES.
- DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS OBTIDAS OU SOLICITADAS PARA O MESMO INVESTIMENTO EN CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN, ORGANISMO OU ENTE PÚBLICO OU PRIVADO (SE TEN ALGUNHA AXUDA SOLICITADA INDICARÁ A CONTÍA DO INVESTIMENTO E A PORCENTAXE SOLICITADA; SE XA A TEN CONCEDIDA, PRESENTARÁ COPIA DA CORRESPONDENTE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN).
- CERTIFICACIÓN DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL (SEN PREXUZO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 43 DA LEI 7/2005, DO 29 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2006).
- CERTIFICACIÓN DA AEAT DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DE NON TER DEBIDAS COA XUNTA DE GALICIA (SEN PREXUZO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 43 DA LEI 7/2005, DO 29 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2006).
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DA TITULARIDADE DA CONTA ONDE SE DEBE REALIZAR O PAGAMENTO. EN QUE CONSTE: ORDINAL BANCARIO, CÓDIGO DE BANCO, CÓDIGO DE SUCCURSAL E CÓDIGO DA CONTA CORRENTE.

(A documentación presentárase por DUPLICADO: orixinal ou copia compulsada e copia)

SOLICITA:
 Que se proceda ao libramento da subvención concedida.
 _____ de _____ de 2006

(Sinatura e selo)

